

Innova e Aprende con MongoDB: IA, Axentes e Vibe Coding

Descrición

A intelixencia artificial está a transformar a forma en que se deseñan, desenvolven e evolucionan as aplicacións. Os axentes de programación xa non se limitan a suxerir código: poden comprender un stack tecnolóxico, participar en decisións de arquitectura, xerar APIs e traballar con modelos de datos adaptados aos patróns de acceso dunha aplicación.

Esta sesión está pensada para desenvolvedores/as senior, arquitectos/as, tech leads e perfís técnicos que queren utilizar a IA de forma máis estruturada, eficiente e aplicable a proxectos reais, con MongoDB como parte central do fluxo de desenvolvemento.

Durante o seminario presentaranse os Skill Badges de MongoDB e os itinerarios formativos dispoñibles para seguir ampliando coñecementos. A continuación, no taller de vibe coding con MongoDB, configurarase un axente de programación con IA capaz de coñecer o stack do proxecto e traballarase sobre un de tres escenarios reais. Os participantes deseñarán un modelo de documentos aliñado cos patróns de acceso da aplicación, utilizarán MongoDB Agent Skills e MongoDB MCP Server, desenvolverán unha API funcional e terminarán cunha aplicación e un esquema de datos listos para evolucionar con confianza.

A sesión completárase cunha introdución práctica á memoria para aplicacións de IA. Explorárase como MongoDB pode achegar contexto relevante e memoria a longo prazo mediante embeddings, recuperación semántica e Vector Search, así como distintos patróns para almacenar e recuperar a memoria dunha aplicación. O obxectivo é que os asistentes se leven un fluxo de traballo reutilizable para o seu próximo proxecto: un axente capaz de asumir unha maior parte do traballo de desenvolvemento e unha base de datos preparada para converterse nun compoñente activo das aplicacións de IA.

Perfil do docente

O relator será **Josman Pérez Expósito**, Solutions Architect en MongoDB. Nos últimos anos participou como relator en sesións sobre arquitectura de datos, posicionamento de MongoDB fronte a bases de datos relacionais e construción de aplicacións modernas con IA. Entre as súas áreas de especialización destacan a memoria para aplicacións e axentes de IA, o deseño de arquitecturas orientadas a datos, o desenvolvemento de aplicacións con MongoDB Atlas e a modernización de sistemas.

O seu perfil combina coñecemento técnico, experiencia con clientes e unha clara orientación

práctica, enfocada en axudar aos asistentes para comprender non só as capacidades da tecnoloxía, senón tamén como aplicalas en escenarios reais de produción.

PROGRAMA	Programación 2026/27
TIPO	SEMINARIO
PERIODO INSCRICIÓN	01/10/2026 - 27/10/2026
Nº PRAZAS	232
METODOLOXÍA	Presencial
DURACIÓN	4 horas
DATA INICIO	28/10/2026
DATA FIN	28/10/2026
HORARIO	Horario de 16:30 a 20:30 horas.
LUGAR DE DOCENCIA	Edificio localizado na r/Airas Nunes s/n, barrio de Conxo, en
PERIODO DOCENCIA	28/10/2026 - 28/10/2026

Temario

.